Estas denuncias, foron comunicadas á Consellería de Sanidade por parte das diferentes Organización Sindicais e a Asociación Galega de Vítimas do Amianto.

Con todo, a situación segue a ser a mesma e as deficiencias denunciadas non foron solucionadas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Que medidas vai a levar a cabo a Consellería de Sanidade para solucionar as deficiencias denunciadas?
- Cal é o protocolo que está a empregar a Consellería de Sanidade para derivar á Atención Primaria a persoas afectadas por esta enfermidade?
- Que solución va a dar para o tratamento das persoas con patoloxías producidas polo amianto que non residen na Área sanitaria de Ferrol?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2018 19:10:32**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

É de sobra coñecido pola xunta de Galicia o problema que existe co Lindano, especialmente no Porriño pero tamén nos concellos da contorna debido a alta volatilidade do mesmo.

Fai anos que as diferentes Administracións levan mirando para outro lado ante un problema medioambiental e de saúde pública tan importante, pola toxicidade do composto químico catalogado como moi perigoso.

Ante as últimas aparicións do Lindano fai xa uns meses e a presión popular exercida, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, decidiu contratar a unha empresa para levar a cabo catas en varios lugares do Concello do Porriño como pode ser o do Contrasto.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Ten coñecemento o Goberno de cales son as condicións de seguridade e saúde das traballadoras e traballadores da empresa?
- Cales son os Equipos de Protección Individual que se están a utilizar na recollida?
- Dispón a empresa contratada dun laboratorio propio, ou en caso contrario, onde se van a facer as análises?
- Está a empresa autorizada para facer as catas?



- Coñece o Goberno as condicións nas que se están a facer ditas catas?

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2018 19:17:52**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

É de sobra coñecido pola xunta de Galicia o problema que existe co Lindano, especialmente no Porriño pero tamén nos concellos da contorna debido a alta volatilidade do mesmo.

Fai anos que as diferentes Administracións levan mirando para outro lado ante un problema medioambiental e de saúde pública tan importante, pola toxicidade do composto químico catalogado como moi perigoso.

Ante as últimas aparicións de Lindano no Concello do Porriño, tivemos noticia da contratación dunha empresa por parte do Goberno local para o traslado do mesmo a canteira de Xinzo, en Pontearreas, con base nas indicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta, ao supoñer un problema de saúde pública.

Por todo o anteriormente exposto En Marea Pregunta:

- Ten coñecemento o Goberno de cales foron as condicións de seguridade e saúde laboral das traballadoras e traballadores da empresa que retirou o Lindano do Porriño a Pontearreas?
- Ten coñecemento o Goberno di se a empresa contratada conta con autorización para manexar a sustancia?
- 

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2018.



Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 06/09/2018 19:25:12**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O proxecto hoteleiro no Pazo de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

En marzo de 2007 a empresa Alvaher98 – do sector da alimentación, sen experiencia no sector hoteleiro - solicitou ao Concello de Sober licenza municipal para reconstruír o edificio do pazo de Sober dos López de Lemos, de cara a convertelo nun establecemento de uso hoteleiro. A finalidade era rehabilitar as ruínas e converter o complexo nun hotel de “gran luxo”, cunha previsión inversora (segundo declaracións á prensa) de 8 millóns de euros. A autorización de Patrimonio foi en xuño de 2007.

Dende o anuncio do proxecto, en 2007, a construción do hotel foi “vendida” polo Concello de Sober e polo PP durante as campañas electorais das municipais de 2007 e 2011 como unha gran esperanza do emprego en Sober, destinado a ser “un referente en toda Europa” e a atraer un “turismo de elite e de calidade”.

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención



directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo Igape, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober invertiu en accesos ao entorno – a través de subvencións da Consellería de Presidencia – e no saneamento – a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo -.

Para a aceptación das axudas do IGAPE, a empresa comprometéase a:

- manter 34 empregos de media durante 2 anos.
- permanecer en activo durante 5 anos, sen especificar o número de empregos (este compromiso refírese ao crédito).

O 6 de outubro de 2010 inaugurouse o hotel “Palacio de Sober”, con presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A Consellería de Cultura na altura sinalara que a colaboración deste proxecto con dita consellería podería “concretarse con posterioridade á apertura coa colaboración na organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”.

En febreiro de 2013, só catro meses despois de que rematara o prazo no que a empresa se comprometía a ter funcionando o proxecto con, canto menos, unha





media de 34 empregos, a empresa presentou un Expediente de Regulación de Emprego para máis do 80% da plantilla, pactándose un ERTE que prevía abrir en setembro. Previamente, rexeitáronse ofrecer servizos e estancias en dito hotel, de xeito incomprensible. Dende o inicio, o proxecto empresarial amosouse inestable e con mala xestión, con acumulación de impagos de nóminas, rexeitamento de eventos e atrasos nos pagos ás empresas da zona que subministraron material e servizos ao hotel, acumulando atrasos de case un millóns de euros.

Ata 2015 o hotel estivo formalmente “activo”, pero sen funcionar como hotel, pois só contaba con tres empregados para o mantemento mínimo.

O Hotel Pazo de Sober foi a gran aposta do Plan Impulsa Lugo.

O Director Xeral do IGAPE tiña manifestado que confiaba en que non se chegase á liquidación e que se mantena a actividade empresarial no edificio.

En febreiro de 2015, a empresa propietaria do pazo solicitou entrar en concurso de acredores e nun proceso de liquidación, que non foi adiante.

Do 21 de abril ao 14 de maio de 2018 estivo aberta, por parte do xulgado do Mercantil n.º 12 de Madrid, a puxa pública polo Pazo de Sober, en 3 lotes (edificio, mobiliario e fincas), valorados en conxunto en 5.158.189,13 €. O edificio foi valorado en 4.706.421,13 €, tendo unha hipoteca a favor do IGAPE por importe de 3.312.000 €. Rematada a poxa, unha empresa ofrece 2,4 millóns de euros polo edificio, o 51% do valor.

A 8 de setembro de 2018 a resolución está pendente da adxudicación da poxa xudicial aberta no marco do concurso de acredores.



Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

1. - Como avalía a Xunta a situación do Pazo de Sober?
2. - Que elementos de viabilidade técnica e financeira do proxecto do Hotel Pazo de Sober avaliou o IGAPE para concederlle axudas?
3. - Como ten previsto a Xunta recuperar o importe íntegro do préstamo concedido polo IGAPE?
4. - En que medidas se ten concretado a colaboración da Xunta a nivel cultural e turístico co hotel que funcionou no Pazo de Sober?
5. - Como vai contribuír a Xunta á viabilidade dun novo proxecto empresarial no Pazo de Sober?
6. - Como vai garantir a Xunta a conservación do Patrimonio do Pazo e o goce do mesmo pola cidadanía? Ten previsto a Xunta incoar o procedemento para declarar BIC o Pazo de Sober ou algún dos seus elementos?
7. - Non considera a Xunta que se utilizou de xeito partidista a apertura do Pazo de Sober como Hotel de Gran Luxo?
8. - Non considera a Xunta que fracasou na aposta polo Hotel Gran Luxo Pazo de Sober?
9. - Que nivel de seguimento realizou a Xunta a respecto dos compromisos adquiridos pola empresa promotora do hotel no Pazo de Sober en relación ao crédito do IGAPE?



10. - Buscou a Xunta algún proxecto inversor para o Pazo de Sober?
11. - Ten a Xunta estudado os impactos – positivos e negativos – na zona do proxecto hoteleiro no Pazo de Sober?
12. - Ten constancia a Xunta de a canto ascenderon as débedas a provedores da comarca por parte da empresa administradora do Pazo de Sober?
13. - Non cre a Xunta que o requisito para obter o crédito do IGAPE, referido a permanecer aberto o proxecto durante 5 anos, debería ir acompañando de obrigas a respecto do mantemento de certo nivel de emprego de calidade?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 10/09/2018 10:15:48**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

1. O 20.1.2016 a Dirección General de Sostenibilidad de la costa y el mar facía pública a Resolución pola que se outorgaba a ENCE prórroga da concesión dunha superficie de 373.500 m<sup>2</sup> con destino a fábrica de Celulosa.

Esta prórroga, concedida por un goberno en funcións, non é unha decisión firme e irreversible. Pola contra, trátase dun acordo revisábel, tendo en conta que están pendentes de resolver recursos pola vía administrativa e xudicial: concretamente no caso do concello de Pontevedra, a administración do Estado non respondeu a un requirimento repositório; e ademais está pendente un recurso contencioso administrativo diante da Audiencia Nacional

Neste marco, e tendo en conta o cambio que se produciu no goberno do Estado a comezos do mes de xuño, cómpre facer valer a posición maioritaria da sociedade pontevedresa representada pola súa corporación municipal, que en reiteradas ocasións adoptou acordos a favor da caducidade da concesión e da recuperación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre que ocupa a fábrica de ENCE.

Pasados máis de tres meses da toma de posesión do novo goberno socialista, é preciso demandar á administración do Estado que responda aos requirimentos repositórios, ou que subsidiariamente se achande ás demandas do concello de Pontevedra na vía administrativa.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/09/2018 11:37  
Nº Rexistro: 36235  
Data envío: 10/09/2018 11:37:27.940

É necesario que o PSOE cumpra os seus compromisos e que actúe con determinación e valentía para levar adiante desde a administración do Estado o que leva defendendo no pleno do concello de Pontevedra e no Parlamento galego.

2. Mais ao mesmo tempo cómpre mirar máis lonxe: ademais de adoptar as medidas necesarias para evitar a consolidación do complexo industrial ENCE, a Xunta de Galiza debe velar pola aplicación das directrices recollidas nas DOT e no POL.

No caso das Directrices de Ordenación do Territorio, prevén para os terreos ocupados pola pasteira a “Reordenación de usos, co traslado cara a outros emprazamentos de instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar”.

No caso do Plan de Ordenación do Litoral, a súa Disposición Adicional Terceira caracteriza os terreos ocupados pola fábrica como “Área de Mellora Paisaxística”.

O POL establece que “O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización no horizonte do ano 2018”.

Asemade, neste plan prevese a redacción dun instrumento de ordenación territorial e urbanístico que faga posíbel a rexeneración, a restauración e a reordenación deste ámbito:

“O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretarase mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

3. Tendo en conta o anterior, deberíase desbotar calquera decisión que consolide a situación actual e que dificulte as posíbeis accións para reverter a prórroga concedida a ENCE. En consecuencia, deberase paralizar e desbotar a modificación do Proxecto sectorial de Incidencia Supramunicipal, que foi publicado no DOG do 14 do 12 de 2012, con



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

posterioridade ás DOT (DOG do 22 de febreiro de 2011) e ao POL (DOG do 23 de febreiro de 2011). Esta modificación ten como obxectivo achandar o terreo para a construción dunha planta de biomasa, unha instalación que, ademais do forte impacto visual e paisaxístico, terá un efecto negativo nos montes da contorna.

4. En definitiva, estamos diante dunha oportunidade histórica para poñer fin a unha desfeita da ría perpetrada en Lourizán durante o franquismo e continuada despois, prórroga incluída. Estamos diante dunha oportunidade para iniciar unha nova etapa de respecto polo medio, de reconciliación coa contorna e de devolución a Pontevedra do que en xustiza lle corresponde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Que previsións ten o Goberno galego para o cumprimento do establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral a respecto dos terreos que ocupa a fábrica de ENCE en Lourizán?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/09/2018 11:37**  
**Nº Rexistro: 36235**  
Data envío: 10/09/2018 11:37:27.940

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2018 11:35:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2018 11:35:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2018 11:35:53**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2018 11:35:55**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2018 11:35:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2018 11:35:58**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

O Concello de Cervo conta en 2018 cun novo servizo de residencia (54 prazas) e centro de día (25 prazas), xestionado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia”, cunhas tarifas moi elevadas:

- 1.280 euros para os maiores sen limitacións na súa autonomía
- 1.400 euros para Dependentes Grao 1
- 1.450 euros Dependentes Grado 2
- 1.500 euros Dependentes Grao 3
- 890 euros para a atención diúrna en Centro de Día
- 485 euros a atención nocturna en Centro de Día

Esta residencia comezou a construírse en 2011, con financiamento da Xunta, e estaba prevista a súa apertura para 2013, pero o equipamento da mesma non se produciu ata 2016 e non se inaugurou ata o 1 de agosto de 2018.

Familiares de persoas usuarias trasládannos unha serie de queixas que teñen que ver coa falta de persoal. Por exemplo, só hai unha persoa en recepción, o que motiva que a porta quede pechada e non se poda entrar nin saír se se ausenta.

Ademais, xa hai deficiencias nas instalacións, como nas portas ou no aparcadoiro.





As políticas sociais son competencia da Xunta, pero está delega cada vez máis nos Concellos, aumentando a financiamento que deben achegar as entidades locais nos servizos sociais ou, como sucede na Mariña, cedendo a xestión de servizos (centros de día e residencias) que debería xestionar a Xunta directamente.

Polo exposto, a Deputada que subscribe formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- 1.ª) Por que se demorou tanto a apertura da residencia de maiores e centro de día de San Cibrao, en Cervo?
- 2.ª) Considera a Xunta que están ben investidos os recursos públicos sendo agora un servizo privatizado e con prezos moi elevados?
- 3.ª) Que opinión ten a Xunta sobre as instalacións da residencia e centro de día de San Cibrao?
- 4.ª) Cal é o cadro de persoal da residencia e centro de día de persoas maiores de San Cibrao? Parécelle suficiente?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Paula Vázquez Verao na data 10/09/2018 12:48:38**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Alberto Núñez Feijóo prometeu, no discurso de investidura da Xª Lexislatura, a realización de residencias de maiores nas sete cidades.

En febreiro de 2017, o propio Presidente anuncia como “obxectivo de lexislatura” por parte da Xunta a construción de sete residencias de maiores públicas nas sete cidades galegas, cun total de 900 prazas, indicando que suporán uns 47 millóns de euros de investimento, no marco do chamado “Plan Coma na Casa”.

Nos Orzamentos da Xunta para 2018 o “Plan Coma na Casa” unicamente contou con 700.000 €, apenas o 1,5 % do total do proxecto. Asemade, para 2019 só se prevén 8 millóns de euros.

En setembro de 2018 ningún dos proxectos está en marcha.

As prazas públicas en residencias de maiores nas sete cidades galegas son manifestamente insuficientes e as perspectivas demográficas farán que a demanda deste tipo de servizo aumente.

Polo anteriormente exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- 1ª) Cando vai a Xunta ter en funcionamento as novas residencias públicas de maiores nas sete principais cidades galegas?
  
- 2ª) É algo máis que propaganda electoral o anuncio do investimento de 47 millóns de euros no “Plan Coma na Casa”?
  
- 3ª) As supostas sete novas residencias nas cidades serán de xestión directa por parte da Xunta?
  
- 4ª) Como van estar listas as novas residencias de maiores nas principais sete cidades galegas cun ritmo de investimento tan ridículo?
  
- 5ª) Que proxectos se teñen iniciado en 2018 con cargo aos 700.000 € do “Plan Coma na Casa”?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 10/09/2018 12:54:20**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Ministerio Fiscal é un órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia que responde exclusivamente a criterios de legalidade, obxectividade, imparcialidade e independencia.

Trátase dun órgano estatal dependente do Ministerio de Xustiza, máis os medios persoais e materiais son competencia do Goberno galego, que debería cumprir o seu propio Decreto 124/2014, de 11 de setembro, en canto ao número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía. Non o fai. Na última Memoria da Fiscalía Superior de Galicia, os datos resúmense na reclamación de 17 novos funcionarios e no nomeamento de só un por parte do Goberno, que mesmo chegou a recoñecer en comisión a insuficiencia de medios, como para a Fiscalía de Santiago de Compostela.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cumpre o Goberno galego o Decreto 124/2014, de 11 de setembro respecto do número de oficinas e á *ratio* ideal por Fiscalía?
2. Que ten pensado facer o Goberno respecto das reclamacións que constan na última Memoria da Fiscalía Superior de Galicia?

Pazo do Parlamento, 10 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 10/09/2018 13:05:34**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/09/2018 13:05:42**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/09/2018 13:05:47**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

O Regulamento (UE) 913/2010 do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de setembro de 2010 sobre unha rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo estableceu unha serie de corredores europeos de mercadorías para aumentar a competitividade do ferrocarril fronte a outros medios de transporte. Estes corredores europeos de mercadorías constitúen así mesmo a espiña dorsal das Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico, o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sensentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

Nese mesmo mes de xuño a Comisión propuxo tamén un orzamento de 30.600 millóns de € para as redes de infraestrutura de transportes europeas para o período 2021-2027.

Así quedaba a proposta da Comisión da UE, tal e como consta no seu Anexo (parte III):

**PART III: TRANSPORT CORE NETWORK CORRIDORS AND PRE-IDENTIFIED SECTIONS; PRE-IDENTIFIED SECTIONS ON THE COMPREHENSIVE NETWORK**

**1. Core network corridors and pre-identified sections**

Core network corridor "Atlantic"	
<b>Alignment</b>	Gijón – León – Valladolid A Coruña – Vigo – Orense – León– Zaragoza – Pamplona/Logroño – Bilbao Tenerife/Gran Canaria – Huelva/Sanlúcar de Barrameda – Sevilla – Córdoba Algeciras – Bobadilla – Madrid Sines/Lisboa – Madrid – Valladolid Lisboa – Aveiro – Leixões/Porto – Douro river Aveiro – Valladolid – Vitoria-Gasteiz – Bergara – Bilbao/Bordeaux – Tours – Paris – Le Havre/Metz – Mannheim/Strasbourg Saint Nazaire – Nantes – Tours

Como se pode observar , nesta proposta intégranse no corredor atlántico as conexións Galiza-España (A Coruña-Vigo-Ourense-León), e Portugal-España (Sines/Lisboa-Madrid-Valladolid, Lisboa-Aveiro-Leixoes/Porto-Río Douro), pero non a conexión Galiza-Portugal.

Dita conexión é estratéxica para Galiza e para os seus portos e debe de ser unha prioridade política neste país.

A mellora da conectividade entre Galiza e Norte de Portugal é fundamental, xa que estamos a falar dunha rexión duns 6 millóns de habitantes cun grande dinamismo económico, e que conta cunha importantísima rede de portos cuxa interconexión suporía a creación de grandes sinerxías.

Portugal é un dos principais mercados exteriores de Galiza e non se debe de tolerar, polo tanto, a desvertebración de Galiza e Portugal.





A demanda da inclusión do Corredor Ferrol-Porto, xunto coa priorización da conexión Vigo-Porto debe de ser trasladada á Unión Europea.

A inclusión deste corredor Galiza-Norte de Portugal no Corredor Atlántico, facilitaría os investimentos necesarios para unha conexión ferroviaria competitiva entre os portos galegos e destes con Portugal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1) Vaise dirixir o Goberno galego ao Parlamento Europeo aos efectos de demandar a inclusión do Corredor Galiza-Portugal (Vigo-Leixoes/Porto) no Corredor Atlántico Ferroviario de Mercadorías, modificando a tal efecto e en trámite parlamentario a Parte III do Anexo da proposta da Comisión 2018/0228(COD)?
- 2) Solicitará do Goberno do Estado que demande das institucións comunitarias da UE tal modificación?
- 3) Vai esixir ao Goberno do Estado o impulso da mellora da conexión ferroviaria Vigo-Porto, dotándoa de recursos orzamentarios e solicitando adicionalmente o financiamento dos investimentos para dito proxecto á Unión Europea?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 10/09/2018 13:53:30**

**Marcos Cal Ogando na data 10/09/2018 13:53:38**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Son numerosas as denuncias dos profesionais do Centro de Saúde da Laracha en relación á situación que viven na atención as persoas que se atopan no Fogar Residencial “Avós Felices”, de carácter privado e con ánimo de lucro.

Este Fogar Residencial, demanda de forma continuada coidados e asistencia sanitaria tanto de forma programada, a demanda, como de forma urxente, que é atendida de xeito exclusivo polo persoal sanitario do SERGAS que traballa no Centro de Saúde de Laracha. Esta asistencia sanitaria é esixida sempre a nivel domiciliario independentemente da situación do usuario do centro. Entre as demandas sanitarias das que se ten que ocupar o persoal, atópanse tarefas como a realización do control de INR, extracción de sangue para análise e recolleita de mostras de ouriños, realización de cambios de sondaxe vesical permanente, realización de curas de úlceras e feridas, colocación de vías intravenosas e administración de medicación endovenosa, campañas de vacinación antigripal...

Segundo consta no Rexistro único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, o Fogar Residencial conta cunha ATS/DUE contratada por 30h/mes. Sen embargo, non se están asumindo ningunha das tarefas de enfermería mencionadas xa que, segundo manifestou o director deste fogar residencial, a lei non lle impón a obriga de facelo.

Ademais do continuo abuso do sistema público de saúde por parte da dirección deste Fogar, estanse a producir unha serie de situación que constitúe unha mala



praxe asistencial, que vai dende a falta de prevención e coidados de úlceras por presión, a prevención de caídas e o manexo de pacientes portadores de enfermidades contaxiosas. Estas situación foron postas en coñecemento, tanto do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia como ao Servizo de Inspección Sanitaria, que segundo información recibida polos profesionais na contestación do Servizo de Inspección de menores, non se atopaban incidencias rexistradas, o que resulta totalmente contraditorio tendo en conta a información clínica rexistrada no IANUS do SERGAS, tanto por parte do Centro de Saúde como por parte do CHUAC.

No debate do mes pasado en Comisión, o Director Xeral do SERGAS informou dunha resolución sancionadora imposta a este fogar, así como a revogación parcial da oferta asistencia do Centro.

Con todo, a día de hoxe, as e os profesionais sanitarios do Centro de Saúde de Laracha informan de que o edificio está listo para funcionar en breve e de feito, tiveron xa xuntanza para repartir os novos 19 usuarios que entrarán no mesmo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como é posible que podan abrir un novo edificio ampliando as prazas a pesar de ter imposta unha resolución sancionadora e revogado parcialmente a oferta asistencial?
- Que informes ten a Consellería de Sanidade en relación á problemática do Fogar?
- Que informes ten a Consellería de Política Social en relación á problemática do Fogar?
- Que comunicacións existen entre a dirección do SERGAS e o a dirección xeral de maiores en relación a este Fogar?



- Teñen constancia tanto na Consellería de sanidade como na Consellería de política social deste tipo de problemas en outros centros?
- Valora a Consellería de política social levar a cabo unha nova regulación da lexislación que esixa a todos os centros privados independentemente das prazas que oferten a necesidade de contar con persoal sanitario propio?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/09/2018 18:23:46**

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Fai varios anos que se iniciaron as obras na Residencia de Maiores de Caranza, obras caracterizadas por unha pésima xestión que dende o seu inicio partiron dun proxecto fallido, que as mantivo paralizadas coa consecuencia dunha merma das prazas públicas así como os custos de derivación á privada.

Con todo, a día de hoxe, as plantas aínda seguen sen abrir e moitas das prazas da residencia sen cubrir. Cun total de 191 prazas, só están cubertas 96, unha situación intolerable xa que levan case catro anos sen recibir ingresos, todo isto tendo en conta a demanda e a lista de espera para os centros residenciais de maiores en Galicia.

A maiores das dúas plantas que aínda están pechadas polas obras iniciadas dende fai anos, a residencia de Caranza conta con deficiencias estruturais que son froito da antigüidade do edificio e que provocan que existan habitacións pechadas por problemas con goteiras e humidades. Ademais, os problemas estruturais chegan tamén ao propio chan do centro que si ben nun momento inicial estaba previsto na obra, ao final os arranxos non se levaron a cabo, presentando actualmente graves deficiencias.

Sumando as necesidades de obras estruturais a maiores das xa realizadas, a residencia adoce das mesmas deficiencias que outras de similares características, como por exemplo a de Oleiros, en relación á falta de persoal.



Tanto o persoal do centro como o Comité de Políticas Sociais de Coruña, denuncian a falta de persoal e a falta de cobertura nas baixas e nas vacacións.

Actualmente, só contan cun fisioterapeuta e un monitor de tempo libre para atender a todas as persoas residentes, xa que a praza de terapeuta ocupacional que está habilitada, atópase sen cubrir. Todo isto, nunha residencia que se caracteriza por atender a persoas dependentes con mobilidade reducida.

A residencia, conta tamén co mesmo problema que outras en relación aos ingresos de persoas con patoloxías psíquicas que están a ser ingresadas en residencias de estas características co peche dos antigos psiquiátricos. Residencias que non contan cos protocolos e co persoal axeitado. Ao igual que Oleiros, a residencia de Caranza tampouco conta con psicólogo/a.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia abrir as plantas pechadas polas obras?
- Cando van a realizarse o resto de obras pendentes no edificio?
- Ten pensado a Xunta de Galicia cubrir as demandas de persoal do Centro?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/09/2018 18:18:23**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

A Residencia Asistida de Maiores de Oleiros é a máis grande de toda a Provincia de Coruña e a que conta con maior número de residentes, chegando case aos 300. Con todo, é a que menos persoal de atención directa ten, tendo en conta os datos anteriores.

Esta deficiencia grave de persoal está provocando un aumento alarmante nas baixas por sobreesforzo, coa consecuencia de que as baixas non se están a cubrir debido á excesiva carga de traballo e as condicións nas que se ten que desenvolver o mesmo.

Son varios os exemplos que ilustran esta situación:

- Na quenda da noite, cada unidade conta coa presenza dunha soa auxiliar que ten que atender a un total de 44 usuarias/os con cambios posturais.
- Na lavandería o problema é similar, sendo oito persoas as que traballan na quenda de día e reducíndose a unha soa na quenda de tarde.
- O centro conta so cunha persoa de terapia ocupacional e unha animadora que teñen que atender diariamente a unha media de 150 residentes que asisten a este tipo de actividades.
- As case 300 persoas residentes contan só con dúas fisioterapeutas.
- Non existe psicólogo/a no centro.
- O psiquiatra visita tan só 6 horas ao mes.



En relación a falta de psicólogo/a e as poucas horas na que se dispón de psiquiatra, a situación empeora co ingreso de persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos que están pechando. O propio director do centro reconece que este método non é o mais axeitado, ao carecer os centros de atención directa como a Residencia de Oleiros coas unidades e o persoal específico que se necesita para tratar a estas persoas.

En canto as deficiencias en instalación, o deterioro do chan está a influír no día a día do persoal e das persoas residentes, tratándose dun problema estrutural que é necesario solucionar ao supor un risco para o persoal como para as persoas usuarias das cales a maioría teñen mobilidade reducida.

Sobre as necesidades de material, faise necesario mercar dúas máquinas de lavado adecuadas para asumir o traballo diario que supera os 1000 quilos de roupa ao día, ademais de cambiar as camas antigas que dificultan de xeito impórtate o día a día do persoal do centro pola altura inadecuada das mesmas, así como a máquina de raios que xa ten máis de 20 anos i é unha máquina fixa que dificulta o seu uso nun centro cun elevadísimo nivel de dependencia.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando ten pensado a Xunta de Galicia atender as demandas existentes na Residencia de maiores de Oleiros?
- Por que non se están a cubrir as baixas?
- Considera a Xunta de Galicia que as ratios de persoal están axustadas as características da residencia?
- Considera a Consellería que está actuando de xeito dilixente en canto as demandas de persoal ante o aumento de baixas por sobre esforzo?



- Como valora a Consellería de Políticas Sociais o ingreso neste tipo de centros de persoas con trastornos psíquicos procedentes dos hospitais psiquiátricos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2010.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/09/2018 18:06:38**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

Como xa temos manifestado en anteriores iniciativas, temos constancia de denuncias de traballadores e traballadoras interinas con traballo no sector público dependente da Xunta de Galicia, que están sendo discriminadas pola súa condición de traballadoras con contrato de duración determinada fronte aquelas outras fixas.

Un exemplo, son as solicitudes de traballadoras interinas da Consellería de Política Social, para poder permutar entre elas os postos de traballo que actualmente ocupan e adaptalos a unha mellor conciliación da súa vida laboral e persoal, dereito do que actualmente non poden desfrutar.

Estas solicitudes son denegadas de forma automática pola dirección Xeral da Función Pública en aplicación do establecido no artigo 17 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que non só está obviando o artigo 15.6 do ET e artigo 14 da Constitución Española, si non tamén, cometendo nunha grave irresponsabilidade ao non aplicar o Dereito da Unión Europea, pois o principio de igualdade de trato e non discriminación é un dos principios xerais do Dereito da UE, polo que a Directiva 1999/70CE debe ser considerada de alcance xeral.

Esta falta absoluta de respecto a dereitos fundamentais por parte da Xunta de Galicia, foi denunciada en vía xudicial por dúas traballadoras que tiveron que acudir ao amparo constitucional pola negativa da Xunta de Galicia de cumprir



coa sentenza do Xulgado do Social de Ourense, recorrendo a mesma a segunda instancia que fallou de xeito favorable para a Xunta.

Ante as circunstancias anteriormente expostas, o Tribunal Constitucional ven de fallar a favor das mesmas, considerando que se produciu unha vulneración do principio de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución Española e declarando polo tanto a firmeza da sentenza do Xulgado do Social de Ourense que recoñecida o dereito das traballadoras a permutar os seus postos.

Ante estes feitos o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Como pensa actuar a Xunta de Galicia ante o resto de casos de traballadores ou traballadoras interinas que soliciten permutar os seus postos?
- Pensa seguir discriminando ás traballadoras e traballadores interinos respecto dos fixos ou vai a adaptar a sentenza ao convenio?
- Que autocrítica fai respecto da actuacións que están impedindo que o persoal interino acceda á permuta cando a única razón obxectiva de tal impedimento sexa a temporalidade do contrato?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/09/2018 17:56:17**

## **A Mesa do Parlamento**

**Daniel Vega Pérez, Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No Diario Oficial de Galicia do venres, 19 de xaneiro de 2018, publicouse a resolución de 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018.

A comarca de A Mariña, na provincia de Lugo, é un lugar fantástico que vale a pena recorrer, dun extremo a outro, dado a enorme beleza da súa paisaxe, patrimonio cultural e as súas grandes extensións de praias, todos eles atractivos turísticos nada desdeñables.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos importante que os carteis de sinalización dos lugares turísticos da comarca se encontren nas mellores condicións posibles.

Por todo o anterior, queremos interesarnos se a Mancomunidade de Concellos de A Mariña Lucense solicitou subvención nesta convocatoria do ano 2018 para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Solicitou a Mancomunidade de Concellos de A Mariña Lucense subvención para actuacións de mellora das infraestruturas turística na convocatoria deste ano 2018?
- 2.- De ser así, que proxecto se pretende realizar a través da axuda económica solicitada?
- 3.- De ser así, foi concedida?
- 4.- De ser concedida, cal é o importe da subvención e en que estado se atopa o expediente da mesma?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Vega Pérez na data 11/09/2018 10:49:41**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 11/09/2018 10:49:53**

**Maria Antón Vilasánchez na data 11/09/2018 10:50:01**

**Moisés Blanco Paradelo na data 11/09/2018 10:50:07**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 11/09/2018 10:50:13**

**Marta Novoa Iglesias na data 11/09/2018 10:50:21**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/09/2018 10:50:33**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 11/09/2018 10:50:41**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/09/2018 13:14  
Nº Rexistro: 36336  
Data envío: 11/09/2018 13:14:48.380

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luis Rivas Cruz**, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á corrección da deturpación do topónimo de Ourense na sinalización viaria autonómica.

Un dos aspectos onde a represión lingüística, especialmente a impulsada na ditadura franquista, tivo un grande impacto no noso país. Un dos aspectos que mellor a reflicten é o da deturpación da toponimia.

Sobre o papel, desde a aprobación do Estatuto de Autonomía, Galiza foi desenvolvendo instrumentos diversos para recuperar e restaurar ámbitos de uso para a lingua. Máis aínda, colectivos sociais e culturais teñen desenvolvido unha importantísima labor neste ámbito. Así mesmo, as recomendacións internacionais a prol da diversidade lingüística e da protección das linguas minorizadas e minoritarias contempla a necesidade de salvagarda dos nomes propios e de lugares, mesmo as propias Nacións Unidas teñen ditado recomendacións ao respecto.

No marco desta evolución, a propia Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística fixa o marco para o uso oficial do galego en diversos ámbitos e senta os vieiros legais para a recuperación e fixación da toponimia galega. No seu artigo 10 establece que "os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega" e que "corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galiza.”

A pesares da normativa existente, distintas entidades públicas e privadas seguen a vulnerala sistematicamente. Téñense dado pasos adiante, grazas ao labor de entidades como A Mesa pola Normalización lingüística e outros colectivos sociais e culturais.

Porén, malia este esforzo, continúa sendo norma que os topónimos sexan deturpados. Froito do desatendemento das administracións e da vontade recentralizadora do Estado, continúa a haber moitas mostras de deturpación dos nomes e numerosos incumprimentos da lexislación vixente. De forma especialmente preocupante, chama a atención que o topónimo Ourense sexa mal empregado pola propia administración, sendo un caso particularmente insultante o de Renfe-Adif e o Ministerio de Fomento. Máis aínda, a propia Xunta de Galiza está a deixar moito que desexar canto ao cumprimento da norma, tanto na súa defensa diante do Estado e das entidades privadas como nos ámbitos que lle son competencia.

Recentemente este Grupo Parlamentar recibiu unha denuncia veciñal sobre o uso deturpado do topónimo Ourense na estrada de titularidade galega OU-536, que une Ourense e Trives, ao seu paso pola cidade, á altura do barrio das Lagoas.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos absolutamente a preocupación deste veciño, e polos motivos expostos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Vai corrixir o goberno galego os topónimos deturpados das vías que lle son responsabilidade?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Vai corrixir a Xunta de Galiza o caso referido? Coñece máis? Que actuacións leva a cabo para fiscalizar o cumprimento? Ten recibido reclamacións ao respecto por parte do Concello de Ourense? En que datas e con que resultado? E doutros colectivos sociais? Cales e en que data?

-Que ten feito a Xunta para que o Estado cumpra a legalidade cos topónimos galegos?

-Avalía emprender a vía legal?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2018 13:12:21**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2018 13:12:26**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/09/2018 13:14**  
**Nº Rexistro: 36336**

Data envío: 11/09/2018 13:14:48.380

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2018 13:12:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2018 13:12:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2018 13:12:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2018 13:12:33**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Julia Torregrosa Sañudo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

No Concello de Vilaboa existen decenas de casas ameazadas con ser derrubadas se non se pon pronta solución á súa situación urbanística. Existen varios expedientes abertos pola APLU, mesmo un destes expedientes derivou en denuncia administrativa que chegou á vía xudicial coa petición da fiscalía dunha condena de dous anos de prisión, 6000 euros de multa e o derrubo da vivenda, por un delito contra a ordenación do territorio.

A inseguridade xurídica coa que se vén operando en Galicia durante tantos anos, cunha administración que non ten feito ben o seu traballo nesta materia, é ben coñecida por todas. A Lei 2/2016 do solo de Galicia presentouse como un avance neste sentido, máis constantes modificacións amosan a continuidade da inseguridade xurídica á que a administración somete á súa cidadanía aínda a día de hoxe.

Neste contexto moitos concellos veñen demorando durante moitos anos a aprobación do seu PXOM sen contar coa axuda da administración Galega, que nalgúns casos, máis ben se ben dedicando a poñer paus nas rodas, consciente ou inconscientemente, máis o problema está aí.

O pasado mes de xullo houbo unha reunión entre a directora xeral de Ordenación



do Territorio e Urbanismo, Encarnación Ribas, e o alcalde de Vilaboa, José Luís Poceiro, xunto con técnicos de ambas administracións para analizar os seguintes pasos a dar, coa finalidade de buscar unha solución á situación actual, acadando a aprobación parcial do plan de urbanismo por parte da Xunta.

Esta xuntanza realizouse uns días despois de que Augas de Galicia anunciase que o informe sobre o abastecemento aos núcleos do municipio será aprobado, o que permite seguir adiante coa validación definitiva do plan.

Polo anterior, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) En que situación se atopan os trámites para a aprobación parcial do PXOM?
- 2.<sup>a</sup>) Por que se tardou tanto en efectuar todos estes trámites?
- 3.<sup>a</sup>) Ten pensado o Goberno mellorar a súa eficacia á hora de proporcionar seguridade xurídica en materia urbanística á cidadanía?
- 4.<sup>a</sup>) Si é así, cales son as melloras que vai aplicar?
- 5.<sup>a</sup>) Está a facer o Goberno galego algún esforzo para solventar os problemas aos que se enfrontan as persoas que, obrando de boa fe, se atopan en situacións deste tipo coa súa vivenda habitual?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 13:55:51**

**Antón Sánchez García na data 11/09/2018 13:55:59**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 11/09/2018 13:56:05**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**

A Vía Verde do Salnés pretende converter o antigo trazado ferroviario entre Vilagarcía, Caldas e Portas nun paseo para peóns e bicicletas que sexa respectuoso coa contorna natural. O proxecto conta cun orzamento total de 565.533 euros para acondicionar 9.195 metros, 1.795 que atravesarían Vilagarcía, 4.917 que transcorrerían por Caldas de Reis e 2.483 que percorrerían Portas.

O camiño partiría de Abelle, na parroquia de Rubiáns, e chegaría ata a estación de Portas, preto da vella azucreira. Entre as obras proxectadas cómpre sinalar a adecuación dos accesos, a creación de miradores e a habilitación de áreas de descanso equipadas con sinalización informativa e elementos auxiliares como bancos, mesas, e papeleiras. Tamén se levarían a cabo obras de drenaxe e reforestación ao longo de toda a senda e se facilitaríase a incorporación á vía verde por diferentes puntos do trazado para que non fora obrigatorio comezar o percorrido polos extremos.

Na ruta destaca a ponte de ferro que cruza o Umia, un exemplo da mellor enxeñería ferroviaria do XIX. Trátase dunha estrutura de 64 metros de longo e 3 vanos que sería acondicionada para adecuala ao tránsito de persoas e cicloturistas.





O proxecto da Vía Verde foi promovido polos concellos de Vilagarcía, Caldas de Reis e Portas e atópase xa nunha fase avanzada. A Deputación de Pontevedra está a piques de rematar a parte que cofinancia cos municipios e pronto poderá saír a licitación. Porén, a Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente gardan un escrupuloso silencio acerca da parte que lles corresponde financiar e sacar a contratación. Os alcaldes non saben nada do Goberno autonómico dende marzo, cando a Directora Xeral de Patrimonio Natural propuxo contribuír ao proxecto co 35% da financiación (uns 200.000 euros).

Na reunión de marzo a Xunta asumiu a rehabilitación da ponte do Umia, da adquisición de mobiliario e da sinalización do paseo para peóns e ciclistas. Meses máis tarde, descoñécese cal é o estado de tramitación desta parte do proxecto.

Dado que non existe ningunha razón obxectiva para que o Goberno da Xunta paralice as obras da Vía do Salnés e, moito menos, para que permaneza en silencio ao respecto, é a súa obriga retomar o contacto cos concellos e levar a cabo o prometido.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A que se debe a paralización por parte da Xunta de Galicia do proxecto da Vía do Salnés?
- Por que o Goberno non se comunica cosa alcaldes para coordinarse?
- Vai levar a cabo os compromisos manifestados en marzo do presente ano?
- Si é así, cal é a previsión temporal?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.



Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 17:00:14**

**Antón Sánchez García na data 11/09/2018 17:00:25**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Carme Santos Queiruga e Eva Solla Fernández,** deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.**

A madrugada do pasado 13 de agosto durante a celebración en Vigo do Marisquiño, un dos máis importantes eventos estivais da cultura urbana en Galicia, tivo lugar o colapso da estrutura de formigón que tiña conta do espazo onde se estaba a desenvolver un dos concertos do festival.

Os servizos de emerxencias actuaron cunha inmediatez e eficacia encomiables, e agora é o momento de determinarmos con exactitude que elementos relacionados coa seguridade das persoas poden ser susceptibles de mellora para aprendermos deste accidente para o futuro.

Neste sentido, resulta vital coñecer se a Xunta de Galicia exerceu as responsabilidades que a Lei 10/2017, de espectáculos públicos de Galicia lle atribúe nos artigos 4 e concordantes.

En consideración ao anterior, o grupo parlamentario de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que actividades de inspección e control desenvolveu a Xunta de Galicia en relación ao Festival do Marisquiño na súa edición de 2018 para verificar as condicións de cumprimento da normativa, especialmente en materia de seguridade?

2. Que resultado deron esas actividades?
3. Existe expediente administrativo desas actuacións?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 11/09/2018 18:09:35**

**Carmen Santos Queiruga na data 11/09/2018 18:09:42**

**Eva Solla Fernández na data 11/09/2018 18:09:49**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Carme Santos Queiruga e Eva Solla Fernández,** deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.**

A madrugada do pasado 13 de agosto durante a celebración en Vigo do Marisquiño, un dos máis importantes eventos estivais da cultura urbana en Galicia, tivo lugar o colapso da estrutura de formigón que tiña conta do espazo onde se estaba a desenvolver un dos concertos do festival.

Os servizos de emerxencias actuaron cunha inmediatez e eficacia encomiables, e agora é o momento de determinarmos con exactitude que elementos relacionados coa seguridade das persoas poden ser susceptibles de mellora para aprendermos deste accidente para o futuro.

Neste sentido, resultaría útil saber a eficacia dos plans de emerxencia das diferentes administracións con competencia na celebración do evento e as condicións en que se produciu.

Ante a controversia existente sobre a activación do Plan de emerxencias do Concello de Vigo esa madrugada, o grupo parlamentario de En Marea formula a seguinte PREGUNTA:

- Foi algún servizo dependente do Concello de Vigo quen deu a voz de alarma na Axencia Galega de Emerxencias sobre o acontecido no Festival



do Marisquiño a madrugada do 13 de agosto e, de non ser o caso, foi algunha outra administración/institución pública quen o fixo?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 11/09/2018 18:10:52**

**Carmen Santos Queiruga na data 11/09/2018 18:11:02**

**Eva Solla Fernández na data 11/09/2018 18:11:09**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaria Xeral de Igualdade, puxo en marcha a aplicación EscApp para achegar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a rematar con este tipo de situacións.

Pasado xa un tempo razoable, dende que botou a andar esta, consideramos necesario que se faga unha avaliación para ver como está funcionando e avaliar, se fora preciso, mellorar algunhas cuestións.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Fíxose algunha, ou plantéxase facer, avaliación da aplicación EscApp?
2. Cantos homes e mulleres baixaron a aplicación ata o momento?
3. Valórase incorporar algún recurso máis a esta?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/09/2018 18:41:35**

**Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 18:47:06**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>.

Entre os anos 2016 e 2017, a Xunta de Galicia asinou un convenio marco e catro convenios específicos para as áreas sanitarias de Lugo, Coruña, Santiago e Vigo, coa multinacional estadounidense Medtronic, fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía.

A pesares dos intentos da Xunta de Galicia por desmentir o que din os convenios, o certo é que Medtronic organiza o traballo das uniades de cardioloxía, decida a maquinaria que se implanta e obtén gratis o coñecemento, uso das instalacións e datos das e dos doentes.

En definitiva, o conxunto global dos convenios permite participar á empresa na Xestión hospitalaria de ditas unidades mediante a aplicación de criterios e principios empresarias de negocio, avaliando as necesidades e os costes da atención médica que presta o SERGAS poñendo a disposición desta tanto o conxunto dos recursos públicos como a información do propio Sistema Público de Saúde.

Ademais desta privatización encuberta, resulta importante ter en conta os antecedentes da empresa en cuestión, xa que foi obxecto de investigacións e sancións por parte doutros países como China ou EE.UU, nos que tivo condenas por cuestións relacionadas co sobornos a médicos para empregar os seus produtos.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Conta a Xunta de Galicia con algún tipo de mecanismo de inspección para controlar que non sucedan casos de soborno como os que aconteceron en outros países?
- Teñen algún tipo de incentivo as e os profesionais das unidades de cardioloxía nas que opera esta empresa?
- Que relación xerárquica teñen os membros da empresa no cadro de dirección das unidades?
- Por que permite o Goberno que se tutorice aos nosos profesionais por parte dunha empresa privada?
- Por que ocultou a información que conteñen os convenios específicos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 11/09/2018 19:00:03**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**

No noso ordenamento xurídico, existen diferentes normas encargadas de regular o réxime de incompatibilidades no ámbito do sistema sanitario público.

Tanto a Lei de sanidade 14/1986 como a Lei de incompatibilidades do persoal ao Servizo das administración públicas, Lei 53/1984, evidencian de xeito claro a especial incompatibilidade das actividades profesionais prestadas a persoas as que se teña que atender no desempeño do posto público.

Con todo, na realidade non se está a dar cumprimento ao estipulado na lexislación, con especial atención aos postos directivos e de xefaturas de Servizo, que polas propias competencias do seu posto, manteñen un conflito moi agudo, no que respecta por exemplo á propia xestión das listas de espera, tendo en conta a falta total de transparencia que existe sobre a xestión das mesmas e concretamente das coñecidas como listas de espera non estruturais.

Un exemplo desta incompatibilidade e conflito de interese, segundo denuncias de profesionais da propia unidade, é o que acontece co xefe de servizo da unidade de dermatoloxía do Complexo Hospitalario de Coruña, que conta con consulta privada no Hospital San Rafael e con consulta privada en Madrid.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea pregunta:



- Ten coñecemento a Xunta de Galicia do que están a denunciar as e os profesionais da unidade de dermatoloxía do CHUAC en relación a incompatibilidade do xefe de servizo da unidade?
- Pensa iniciar o procedemento habilitado para estes casos a fin de investigar a situación e sancionar no caso de así corresponda?
- Ten coñecemento de máis incompatibilidades tanto na EOXI de Coruña como nas outras?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 11/09/2018 19:17:36**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os puntos de encontro familiar atópanse regulados no Decreto 96/2014, do 3 de xullo.

Constitúense como un equipamento social especializado para facilitar e preservar a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, ademais de garantir a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos; así como o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente. O obxectivo destes puntos é favorecer as relacións entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

A intervención dos puntos de encontro terá como obxectivo principal a normalización da situación conflitiva, pero sempre tendo en conta que o máis importante é o interese superior do menor.

Nalgúns dos centros téñense localizado eivas que entendemos que son de doada solución para poder proporcionar un mellor servizo á cidadanía.

Por unha banda, entendemos que resulta necesario fomentar que estes Puntos de Encontro familiar sexan de xestión directa pública, e que é preciso mellorar o



acceso a estes servizos, para que toda a poboación poida acceder sen ter a necesidade de percorrer longas distancias. Prestando especial atención ás zonas rurais.

Ademais, resulta fundamental que se faga unha diagnose exhaustiva sobre o estado de todos os PEF para coñecer que modelo de xestión pode ser o máis acaído e para valorar se son necesarios reforzos orzamentarios e de persoais.

A formación en perspectiva de xénero tamén precisa unha revisión, xa que debe constar canta experiencia concreta e formación en igualdade deben ter as traballadoras.

Por iso o grupo parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que os Puntos de Encontro Familiar teñen a dotación orzamentaria e de persoal necesaria?
2. Teñen dedicado algunhas partidas orzamentarias específicas para o mantemento destes recursos?
3. Axuda a Xunta de Galicia dalgún xeito ao desprazamento das persoas que teñen que percorrer longas distancias para asistir a este recurso?
- 4.- Ten previsto a Xunta de Galicia realizar algunha auditoría sobre a totalidade dos Puntos de Encontro Familiar galegos para actualizar a información dos centros no que atinxe a súa plantilla e cualificación, medidas de seguridade, idoneidade dos equipamentos e modelos de xestión?
5. Ten pensado ampliar o número de PEF creando centros novos en comarcas con alta demanda do servizo ou nas que as persoas usuarias deben desprazarse a puntos moi afastados?

6. Fai algún control sobre a aplicación da perspectiva de xénero nestes recursos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 11/09/2018 19:39:02**

**Paula Vázquez Verao na data 11/09/2018 19:39:11**

**Marcos Cal Ogando na data 11/09/2018 19:39:17**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as medidas que adoptou a Xunta de Galicia para prever e xestionar futuras secas trala escaseza de auga do ano pasado

A seca que padecemos o ano pasado non foi un fenómeno puntual e extraordinario, senón o síntoma dun cambio climático que se está a producir en todo o planeta. O quentamento global é unha realidade cuxos efectos comezamos a sentir agora de xeito contundente. Por esa razón, é preciso que adoptemos medidas preventivas a medio e a longo prazo co fin de atallalo e de minimizar os seus efectos negativos nas nosas vidas.

Nesta liña manifestouse o Consello Económico e Social, que no seu recente informe de 2017 “insta a impulsar plans que melloren a xestión e o uso da auga, clarifiquen competencias e ordenen as competencias administrativas no uso deste ben público”.

As necesidades deste plans queda patente tralos efectos funestos que tivo a seca do ano pasado na economía galega. A recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%, os gandeiros tiveron que recorrer no verán aos pastos que estaban gardando para o inverno, a produción de castaña viuse reducida en 6.000 toneladas só na provincia de Ourense e a produción hidroeléctrica caeu un 70%.





Ante isto, a Xunta de Galicia respondeu facendo gala dunha improvisación inaceptable, sen adoptar protocolos claros e efectivos de actuación. Isto ten que cambiar de inmediato polo menos a dous niveis.

Por unha banda, é preciso levar a cabo campañas de loita contra o cambio climático para evitar que o clima galego extreme aínda máis as súas condicións. O cambio climático xa non é unha ameaza abstracta da que alertan os científicos dende as universidades, senón que é una realidade que ten que ser combatida con políticas a longo prazo. Isto é algo que lle debemos ás xeracións futuras.

Por outra banda, é necesario constituír una mesa de diálogo na que participen os principais actores afectados pola seca para debater propostas que permitan paliar os seus danos agora, pero tamén para deseñar estratexias e protocolos que permitan abordar situacións similares nos anos vindeiros.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na comisión 7ª:

- Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para prever e xestionar futuras secas trala escaseza de auga do ano pasado?
- Como pensa garantir o abastecemento de auga en todo o territorio no caso doutra seca?
- Que avaliación fai o Goberno dos custes que tivo a seca do 2017 para a gandería, a agricultura e os ecosistemas? Puidéronse minimizar? Que fallou?

Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2018



Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sanchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 13:30:31**

**Antón Sánchez García na data 12/09/2018 13:31:07**

**Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 13:31:14**

## Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>**

A toponimia constitúe unha riqueza e un patrimonio inmaterial do noso pobo, un pilar fundamental da nosa identidade colectiva.

Na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recóllese, no seu artigo 10, que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, que corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia, e que estas denominacións son as legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. Ademais, a Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en todos os casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

A pesar do recollido nesta normativa é habitual que moitos topónimos sexan deturpados.

No caso da provincia de Ourense as formas oficiais veñen recollidas no Decreto 332/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Ourense.

Recentemente recibíamos unha denuncia dunha sinalización errada na estrada de titulación autonómica Ou-536 (Ourense- A Pobra de Trives). É responsabilidade



da Xunta de Galicia realizar as correccións necesarias e deben levarse a cabo de maneira urxente.

Polo anteriormente exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1. Tiña coñecemento a Xunta de Galicia desta sinalización errónea?
2. Van modificar os topónimos deturpados nas vías da súa responsabilidade?
3. Ten constancia doutro tipo de sinalizacións erróneas en vías da súa responsabilidade?
4. Vai realizar algunha actuación para corrixir os topónimos nas vías responsabilidade do Ministerio de Fomento?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**



**Paula Quinteiro Araújo na data 12/09/2018 14:21:30**

**Paula Vázquez Verao na data 12/09/2018 14:21:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 14:21:46**

**Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 14:21:53**

**David Rodríguez Estévez na data 12/09/2018 14:22:00**

**Luis Villares Naveira na data 12/09/2018 14:22:36**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez**, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**, sobre a aplicación do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a comunidade ten a competencia exclusiva na promoción e ordenación do turismo. Nese senso cabe entender a necesidade dunha actuación decisiva do goberno galego coa fin de ordenar e garantir a viabilidade deste sector chave da economía galega. Así como na necesidade de garantir a convivencia axeitada nos nosos pobos e cidades.

Neste senso, un dos problemas que máis preocupan nos últimos tempos é o da proliferación de vivendas turísticas ilegais. A problemática asociada a esta actividade ilegal é numerosa. Dunha banda cómpre falar do diñeiro furtado ás arcas públicas toda vez que se tratan de negocios invisibles. Mais tamén se relaciona coa expulsión da poboación autóctona, a carestía dos prezos de alugueiro, e dos servizos, en definitiva, a substitución do uso residencial de certos lugares por un uso turístico pouco sostible.

Ano e medio despois da aprobación do Decreto 12/2017 de 26 de xaneiro, no que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia semella que este



foi insuficiente para abordar a problemática da proliferación de pisos turísticos ilegais.

Así son moitas, máis de 3000 só na cidade de Santiago de Compostela, as vivendas ilegais que se ofertan cada día neste país.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantas vivendas foron regularizadas en Galicia dende a entrada en vigor do devandito decreto?
- 2.<sup>a</sup>) Que datos ten o goberno da Xunta sobre vivendas turísticas ilegais?
- 3.<sup>a</sup>) Cantas inspeccións se realizaron en Galicia dende que entrou en vigor o decreto? E expedientes sancionadores?
- 4.<sup>a</sup>) Tivo o goberno da Xunta algunha xuntanza coas principais plataformas web de reservas?
- 5.<sup>a</sup>) Van facer algo para obrigarlos a retirar os anuncios de apartamentos ilegais?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 16:15:13**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>**, sobre o cumprimento da lei de patrimonio no tocante ao réxime de visitas dos bens de interese cultural.

De acordo coa lexislación vixente, os bens declarados de interese cultural son os que gozan dun maior nivel de protección, aqueles bens e manifestacións inmateriais cun carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma.

A lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu título III regula o seu réxime específico de protección e acceso. Máis especificamente, no artigo 48 establécense as condicións de visita pública, obrigatoria para os bens de interese cultural, segundo o cal:

### Artigo 48. Visita pública

1. As persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

Na mesma liña hai que entender a disposición adicional sétima sobre publicidade dos bens de interese cultural e catalogados que di:

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia divulgará, mediante o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, a relación dos bens declarados de interese cultural así como dos catalogados.



Actualmente a propia web da consellería ofrece unha relación de bens de interese cultural. Un documento de excel de 693 rexistros no que se inclúe a denominación, a natureza, a clasificación, a provincia e concello no que se atopa, así como a referencia legal en virtude da que gozan desa consideración. Un sistema de acceso pouco áxil, non accesible para toda a cidadanía e cun nivel informativo escaso. Nada se di sobre os horarios de visita, de xeito que as persoas interesadas en coñecer esta información deben acudir ou ben a fontes secundarias ou, en moitos casos, desprazarse directamente aos diferentes puntos. A realidade, ademais, amosa que en moitos casos a normativa de acceso non se está a cumprir, tendo menos horas e menos días de visita que as que fixa a lei.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.<sup>a</sup>) Ten constancia o goberno galego dos incumprimentos nos horarios de acceso aos BIC?
- 2.<sup>a</sup>) Téñense derivado consecuencias deste coñecemento?
- 3.<sup>a</sup>) En cantos casos?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 16:50:00**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 16:50:07**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2018 16:57  
Nº Rexistro: 36422  
Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O 9 de agosto pasado foi asinado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga un Convenio de Colaboración en Materia de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para o Establecemento dun Sistema Público de Xestión da Biomasa nas Faixas Secundarias.

No mesmo establécense diferentes condicións e defínense medidas e labores que corresponden ós concellos e os termos da colaboración. O que non se reflexa de xeito claro é de onde vai saír a financiación para todo canto se prevé facer nin que medidas legais e mais dotacións orzamentarias extraordinarias se van poñer a disposición dos concellos para que este labor non os colapse.

Outro dos aspectos do citado convenio aborda a necesidade de xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, referíndose sempre ás de competencia municipal.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2018 16:57**  
**Nº Rexistro: 36422**  
Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

-De que partidas concretas teñen pensado saca-lo diñeiro que se prevé investir no presente convenio, neste ano e en anos sucesivos?

-En que prazo, con que data e con que orzamento aborda a Xunta de Galicia a xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, tal como establece a lexislación?

-Que medidas pensa tomar o goberno da Xunta para reforzar ós concellos nos labores de delimitación das faixas secundarias, identificación de propietarios, envío de comunicacións ós mesmos ?

-Que medidas complementarias ó desastre catastral vai tomar o goberno para facilitar a identificación dos propietarios descoñecidos?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2018 16:57  
Nº Rexistro: 36422

Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2018 16:53:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2018 16:53:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2018 16:53:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2018 16:53:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2018 16:53:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2018 16:53:27**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/09/2018 17:10  
Nº Rexistro: 36428  
Data envío: 12/09/2018 17:10:41.668

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Na Galiza de 2018 continúa a ser unha tarefa pendente a de facer unha aposta seria e decidida desde os poderes públicos para favorecer a presenza e recoñecemento das mulleres nos ámbitos científico tecnolóxicos e da investigación.

Malia contar co histórico fito do desenvolvemento do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012, o goberno de Núñez Feijóo deixouno esmorecer desde a súa chegada a goberno. Tal e como se recolle na introdución daquel Plan, foi concibido para “dar a coñecer na súa xusta dimensión a situación actual respecto da desigualdade de trato e de recoñecemento das mulleres nas ciencias e nas tecnoloxías e, por outro lado, cara á posta en marcha de accións encamiñadas a conseguir unha maior presenza das mulleres nestes ámbitos en condicións de igualdade cos seus compañeiros varóns”.

Este Programa Galego de Muller e Ciencia tentaba contribuír a mudar determinadas formas de construír, crear e transmitir ciencia, así como de deseño de políticas científicas, de desenvolvemento tecnolóxico e de xestión da innovación. Porén, non se desenvolveu de forma suficiente para avanzar en revertir a situación de desvantaxe das mulleres en todos os tramos de facer científico e tecnolóxico e iso lastrou os avances no noso país. A día de hoxe, malia terse rematado o I Programa e terse coñecido, con anos de atraso, o II Programa Galego de Muller e Ciencia ao que se



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2018 17:10**  
**Nº Rexistro: 36428**  
Data envío: 12/09/2018 17:10:41.668

comprometera o goberno galego por iniciativa do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, non consta unha avaliación específica da primeira edición.

A ausencia dunha avaliación rigorosa do I Plan é algo grave, pero é tamén grave a falta de cumprimento do II Programa e as lagoas canto á súa avaliación. Alén das cuestións da planificación deste II Programa coas que este Grupo e que dificultarán o seu éxito, máis aínda o vai dificultar a falta de rigor e seriedade na súa aplicación. Neste sentido, o II Programa indica “Elaboraranse dous informes: un informe de seguimento e outro de avaliación final” e sorprende que no ecuador da súa aplicación nada se saiba.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Ten feito o goberno galego algunha avaliación do I Programa Galego de Muller e Ciencia 2008-2012? A través de que mecanismos e instrumentos? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Ten feito o goberno galego informe de seguimento do II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020?

-A través de que mecanismos e instrumentos fixo ou vai facer esa laboura? Coa participación de que colectivos? Con que data e conclusións? Tense debatido no seo da Unidade Muller e ciencia? Cales son as razóns de que non sexan públicas?

-Considera o goberno galego que está a cumprir co obxectivo de establecer medidas efectivas desde a Axencia de Innovación e outros organismos para eliminar os desequilibrios de xénero que poidan existir no relativo á formación científica?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2018 17:10**  
**Nº Rexistro: 36428**  
Data envío: 12/09/2018 17:10:41.668

- E no eido da investigación e innovación e na xestión da I+D+i?
- E para situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva do xénero nun primeiro plano?
- Cal é o orzamento que ten empregado no último ano orzamentario? E no presente?
- Considera que o funcionamento da Unidade Muller e Ciencia é adecuado?
- Considera que a información que fornece está á altura do s.XXI?
- Considera o goberno galego que ten dinamizado de forma suficiente a Unidade?
- Como avalía o traballo no ámbito da mocidade? E a colaboración coas Universidades Galegas?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2018 17:10**  
**Nº Rexistro: 36428**  
Data envío: 12/09/2018 17:10:41.668

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2018 17:07:01**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2018 17:07:06**

**Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2018 17:07:07**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2018 17:07:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2018 17:07:09**

**Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2018 17:07:11**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>, sobre as matrículas en Formación Profesional.

A Formación Profesional é, polo menos en teoría, unha das grandes apostas do Partido Popular en materia educativa. Tanto no que atinxe á lei educativa no estado, a LOMCE, como para a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia que reiterou, en múltiples ocasións, a necesidade de fornecer este tipo de formación.

O constante incremento do paro xuvenil, situado xa no 26,5%, que no caso da mocidade entre 16 e 24 anos ascende ó 36,6%, así como a elevada taxa de abandono escolar temperá, fixo que moitos mozos e mozas volveran a buscar na FP unha alternativa de futuro.

Segundo os propios datos da Consellería a demanda de Formación Profesional non fixo máis que medrar dende o inicio da crise, así, entre 2009 e 2016 produciuse un incremento de case un 50% na matrícula. Sen embargo, non están todos os que son xa que o estudantado atópase con que nalgúns títulos non hai prazas suficientes. Así pasa, por exemplo, en titulacións con moita demanda como as de hostalería que no único centro integrado de Formación Profesional pública da área de Vigo, Manuel Antonio, deixou fóra a máis de cincocentos solicitantes.

É só un exemplo, xa que nos últimos anos, tanto sindicatos como ANPAS, veñen denunciando recortes de profesorado acompañados de listaxes de espera excesivas.



Porén, ao tempo, estase a dar a situación contraria con moitas titulacións practicamente baleiras. Unha ollada ás listaxes de prazas vacantes en FP xa alerta de que son varias as titulacións que teñen dificultades para encher os cupos o que, ao noso entender, é un síntoma da inadecuación da FP galega ás demandas reais da cidadanía e do propio mercado laboral.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos alumnos e alumnas quedaron no presente curso 2018-2019 sen unha praza nos graos medios de Formación Profesional?
- 2.<sup>a</sup>) E nos graos superiores?
- 3.<sup>a</sup>) En que titulacións?
- 4.<sup>a</sup>) En que localidades?
- 5.<sup>a</sup>) Como foi a evolución da demanda de Formación Profesional dende o 2008?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**Luca Chao Pérez na data 12/09/2018 17:13:11**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/09/2018 17:13:18**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

**Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 12:06:37**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 12:06:42**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 12:06:44**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 12:06:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 12:06:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 12:06:50**



## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

O Concello de Allariz, situado en Ourense, ten unha das porcentaxes máis altas da provincia de Ourense de poboación menor de vinte anos, así como un alto número de nacementos, 38 no ano 2015, de maneira contraria á tendencia da maioría dos concellos de menos de 10 000 habitantes da provincia que sofren un grave problema demográfico.

A pesares desta situación, dende o Grupo Socialista coñecemos, a través dos pais e nais afectados, a resolución da Consellaría de Educación pola que se acorda reducir a dúas as liñas de escolarización previstas para o vindeiro curso 2018-2019 no CEIP Padre Feijoo de Allariz no segundo ciclo de educación infantil.

Esta decisión incumpre o establecido *no artigo 4 a) da Orde do 12 de marzo de 2013 que desenvolve o Decreto 254/2012, de 13 de decembro*, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación*), no segundo ciclo de educación infantil e primaria o número de alumnos e alumnas que determinarán a unidade escolar é de 25.

A día de hoxe constan matriculados e matriculadas 51 alumnas e alumnos e, polo tanto, excédese o baremo legalmente establecido na orde (sen contarmos aínda coas posibles matriculacións que se poidan producir en setembro e o longo do curso).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia incumpre a ratio de alumnado en educación infantil no CEIP Padre Feijoo de Allariz (Ourense)?
2. Considera a Xunta de Galicia que este incumprimento favorece o proceso de aprendizaxe do alumnado?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia das mobilizacións levadas a cabo nas pasadas semanas?
4. Reuniuse o Goberno galego con este colectivo?
5. En caso afirmativo, chegouse a algún tipo de acordo?
6. Vai tomar a Xunta de Galicia algunha medida para corrixir esta situación?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Manuel Luís Álvarez Martínez  
Concepción Burgo López  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/09/2018 12:43:00**

**Raúl Fernández Fernández na data 13/09/2018 12:43:07**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2018 12:43:13**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 13/09/2018 12:43:18**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En agosto de 2016, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio debía comezar os traballos para a retirada de todas as toneladas de pneumáticos usados nos depósitos de Lendo-A Laracha, Fene e As Somozas; quedan aínda milleiros de toneladas de rodas amoreadas en “Cerámica Campo”, en Lendo-A Laracha, e a consellería non pode precisar unha data para o remate dos traballos.

No noso país temos normativa propia sobre a xestión dos pneumáticos fóra de uso, mais toda a xeración de pneumáticos ao final da súa vida útil é tratada fóra de Galicia, fundamentalmente en Castela León e Portugal, a pesares de que en Galicia contamos con plantas autorizadas para a súa valorización final.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Sabe o Goberno galego cantos milleiros de toneladas de rodas amoreadas en “Cerámica Campo” seguen en Lendo-A Laracha?
2. Cúmprense os requisitos de vixilancia? E os requisitos medioambientais?
3. Cando vai retirar o Goberno definitivamente e na súa totalidade as toneladas de pneumáticos usados en Lendo-A Laracha?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2018



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/09/2018 13:01:30**

**María Dolores Toja Suárez na data 13/09/2018 13:01:36**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/09/2018 13:01:44**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2018 13:01:50**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga**, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.<sup>a</sup>**

A Casa do Mar de Mollabao, en Pontevedra, leva meses colapsada debido aos recortes en persoal.

Esta situación está a xerar enormes dificultades aos mariñeiros de Pontevedra, Combarro e Marín, xa que debido a esta situación non logran realizar o recoñecemento médico obrigatorio previo a realizar un embarque.

En ocasións resulta imposible que se lles atenda telefonicamente para poder solicitar cita previa, obrigándoos a desprazamentos que fan perder recursos económicos e tempo .

Ante esta situación, algúns mariñeiros optan por chamar e desprazarse ao centro sanitario de Vigo, o que provoca que este se vexa perxudicado, xa que xa a derivación de usuarios provoca que as listas de espera cheguen ata mes e medio.

É urxente solventar esta situación para que as traballadoras e traballadores do mar poidan ter unha mínima planificación. Esta situación débese ao recorte de persoal, xa que con anterioridade podían pedir cita de acordo cos tempos de embarque e situación laboral concreta.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Ten previsto a Xunta de Galicia solventar esta situación de colapso das Casas do Mar de Vigo e de Pontevedra?

2.ª) Que medidas concretas ten previsto realizar para superar a actual situación?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Julia Torregrosa Sañudo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 13:00:13**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:00:20**



**Carmen Santos Queiruga na data 13/09/2018 13:00:31**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

A Axencia tributaria vén de publicar a estatística correspondente a declaración do Imposto de Patrimonio para o ano 2016.

Un primeiro aspecto que se pode analizar é aquel que fai referencia á distribución do patrimonio por tramos. Cando nos centramos no número de liquidacións entre aqueles que teñen un patrimonio de entre 90.000 euros e 300.000 mil euros, destaca que estas pasaron de representar o 4,04% do total no ano 2011 a representar o 2,36% no ano 2016.

Pola contra o número de liquidacións con un patrimonio superior aos 300.000 euros, pasaron de representar o 95,96% do total de liquidacións no ano 2011, ao 97,7% no ano 2016. Dita evolución manifesta como evolucionan as desigualdades durante a crise e posterior “recuperación” no conxunto do Estado.

Pero un aspecto moi preocupante e a continua concentración do patrimonio nos tramos mais altos. Tales estatísticas poñen de manifesto que o número de declarantes con un patrimonio superior a 30 millóns de euros creceu dende o ano 2011 ata o ano 2016 nun 64,48%, incrementándose de 352 persoas a 579.

Poñendo o foco en Galicia, os resultados obtidos indican un incremento dun 13,48% do patrimonio total con respecto ao ano 2015, mentres que no conxunto de España este incremento foi do 8,5%. Aínda que as estatísticas galegas vense especialmente afectadas polo feito de que contan cunha das persoas que ostenta





un dos maiores patrimonios do mundo, os resultados, tanto para o conxunto de España como para Galicia, amosan unha tendencia preocupante.

Por outra banda, dende o ano 2011 ata o ano 2016, o patrimonio total en España aumentou nun 46,81%, mentres que en Galicia fíxoo nunha proporción considerablemente maior, xa que se incrementou nun 54,42%.

Estes datos poñen de manifesto aspectos moi negativos da economía galega e do conxunto do Estado. En primeiro lugar pon en evidencia o modelo de recuperación económica polo cal se optou para tratar de saír da crise económica iniciada no ano 2008, que implicou unha forte transferencia de rendas a favor do gran capital e en segundo lugar, tamén pon en evidencia a actual arquitectura do sistema fiscal español, xa que os datos de patrimonio manifestan a falta de redistribución do mesmo e o privilexio que supón este sistema para o gran capital.

Así, ante estes datos, todo indica a que os ricos séguense a facer máis ricos.

Tendo en conta o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Que lle suxire á Xunta estes datos?
2. Está conforme a Xunta co incremento dos niveis de desigualdade?
3. Cal é segundo a Xunta o impacto da desigualdade no crecemento e desenvolvemento económico nun territorio?
4. Cre a Xunta que o Sistema Fiscal español trata de corrixir estas desigualdades?
5. Cre a Xunta que o Sistema Fiscal galego trata de corrixir estas desigualdades?



6. Cre a Xunta que a teórica recuperación económica, baseada nun crecemento da desigualdade social e nunha altísima precariedade é a axeitada para Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:41:25**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:41:36**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

Na actualidade España, e Galicia en particular, está inmersa nunha nova burbulla do sector inmobiliario, mais esta vez non na construción de nova vivenda, senón no aluguer. O mercado inmobiliario, especialmente a partir do fenómeno da financiarización da economía, converteuse nun dos mercados mais rendibles e mais especulativos.

Sen embargo esta constante especulación sobre a vivenda está a provocar profundas consecuencias negativas para a maioría social; España converteuse no país da OCDE onde unha maior porcentaxe da renda vai destinada a pagar o gasto en vivenda. Concretamente, destínase mais do 35% da renda dos fogares ao pagamento da vivenda.

Aínda que existen diferenzas considerables entre Comunidades Autónomas, a porcentaxe de ingresos por fogar que se destina ao pagamento da vivenda en Galicia é do 24%, cifra similar ao que se destina en países de moita maior renda como o Reino Unido ou Canadá.

Aínda que Galicia non rexistra a maior porcentaxe, cando se analiza o incremento dos prezos da vivenda por provincia, existen provincias galegas que se sitúan nos postos mais altos de incremento de tales prezos por metro cadrado. Este sería o caso da provincia de A Coruña, onde o prezo do metro cadrado



dende o ano 2013 ata o ano 18 incrementouse nun 18%, situándose na oitava provincia con maior aumento.

Pero o problema agrávase cando temos en conta os salarios e o incremento dos mesmos. Como se puxo de manifesto non é só que en Galicia se destine unha maior porcentaxe dos ingresos familiares ao gasto en vivenda que en países nos que hai salarios moito mais elevado, senón que ademais, esta elevada porcentaxe dáse nunha etapa onde se produce o profundo estancamento e incluso redución, en termos reais, dos salarios. Hoxe, o salario medio en Galicia sitúase o redor dos 21.000 euros, soamente un 3,9% superior ao que existía no ano 2010. Mais se temos en conta a inflación, o incremento incluso sería negativo. Este feito pon de manifesto o grave problema que supón o incremento do prezo da vivenda para a cidadanía.

Ante o manifestado, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que valoración fai a Xunta do incremento dos prezos da vivenda en relación aos salarios?
- Como valora a Xunta a porcentaxe de ingresos destinada polos fogares ao gasto en vivenda?
- Considera a Xunta que estes prezos da vivenda promoven a emancipación da xente máis moza?
- Como valora a Xunta que a cidadanía con menos recursos teña que facer fronte a esta elevada porcentaxe de gasto en vivenda?
- Cre a Xunta que son efectivas as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda?
- Cre a Xunta que son suficientes as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda?



- Considera a Xunta que as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda contan con recursos suficientes?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:31:51**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:31:59**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

A vespa velutina avanza de maneira alarmante no noso País sen que se lle de a resposta axeitada dende a Xunta de Galicia. Existe unha Comisión de seguimento que non está a servir para aportar as solucións ao problema que se precisan.

As causas para que esta comisión non sexa a solución son múltiples. Por unha banda é un organismo totalmente opaco, que non conta con actas das súas xuntanzas debido a que non é un órgano formal, segundo di a propia Xunta de Galicia. Pero, non pretenden modificar esta situación para rematar con esta opacidade, xa que hai poucos meses o PP votaba en contra dunha Proposición non de lei que solicitaba darlle formalidade a esta comisión.

Ademais, fai moito tempo que a Consellería de Medio Rural anunciou a incorporación a esta comisión dos representantes do sector apícola, pero, a día de hoxe, non se deron avances neste sentido.

Resulta alarmante que ante o avance da velutina non se dispoña nin sequera de actas da Comisión de seguimento, e que exista unha total opacidade nesta.

Por todo isto, preséntanse as seguintes preguntas:

1. En que datas se xuntou a comisión de seguimento da vespa velutina?
2. Nas últimas xuntanzas participaron representantes das asociacións apícolas?



3. Que foi o acordado nestas últimas xuntanzas?
4. Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre o rexeitamento para darlle formalidade a este órgano?
5. Non cree que a existencia de actas sería un exercicio de transparencia necesario?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 13:57:41**

**David Rodríguez Estévez na data 13/09/2018 13:57:47**



**Antón Sánchez García na data 13/09/2018 13:57:55**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal**, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa ao proxecto de instalación de depósitos de GLP no centro urbano de Boiro

O anuncio do proxecto de instalación de 2 depósitos de 5.000 litros de Gas Propano (GLP) en pleno centro do casco urbano de Boiro por parte de Nedgia Galicia, empresa do grupo Naturgi (antiga Gas Natural Fenosa) fixo saltar a alarma entre a poboación, ante a incredulidade de que se tentara situar nunha zona densamente poboada e concorrida, ao ubicarse ao lado dun supermercado e numerosos negocios de restauración, unha instalación industrial potencialmente perigosa.

Instalacións industriais deste tipo deben situarse en áreas afastadas das vivendas como ocorre actualmente cos depósitos ubicados en Espiñeira. É imposible que o PXOM permita este tipo de instalacións no centro urbano, pero o Concello de Boiro, evidenciando unha absoluta falta de sensibilidade ante as lóxicas preocupacións dos veciños e unha total irresponsabilidade, non resposta a o requirimento da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia para dar a súa autorización urbanística a mencionada instalación industrial, coa escusa de que non conta nestes momentos con técnicos cualificados no seu persoal para facer esa certificación. Pola súa parte a Dirección Xeral de Enerxía e Minas afirma que considerará o silencio administrativo por parte do Concello como



positivo a instalación, cousa inaudita e inadmisíbel nunha instalación potencialmente perigosa como esta.

A finalidade da mencionada actuación de Naturgi é substituír o subministro existente en Boiro de Gas Propano (GLP) por Gas Natural, forzando a todos os actuais consumidores de GLP o seu traslado ao subministro con Gas Natural.

A compañía subministradora non xustifica de ningunha maneira no proxecto de instalación a necesidade técnica de que a instalación estea situada no centro da vila evidenciándose un mero interese de aforro de custos con respecto á ubicación máis lóxica como sería en terreos contiguos a actual instalación no polígono industrial de Espiñeira.

Un pequeno aforro de custos por parte da compañía subministradora, nun proxecto que fai polo seu propio interese, non xustifica poñer en risco a poboación e deteriorar de maneira moi importante as posibilidades de negocio de todos os establecementos comerciais e de hostalaría contiguos á localización proposta por Naturgi.

O 29/05/2018 A Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución pola que se autoriza a transmisión da titularidade das instalacións de distribución de GLP canalizado que Repsol ten en Boiro a favor de Nedgia Galicia (Naturgi), coa consecuente subrogación dos dereitos e obrigas asociados. A necesidade de garantir os dereitos adquiridos polos usuarios e usuarias nos seus contratos de subministro de gas propano fai que a autorización e outorgamento de licenza para acometer as obras de instalación de Gas Natural debería condicionarse en todo caso á necesidade de asegurar o subministro de gas propano aos veciños e veciñas afectados que así o desexen, e en todo caso garantir unha condicións de servizo e de prezo como mínimo similares as actuais.



Ante a falta de información suficiente sobre o proxecto e as intencións da Xunta de Galicia na súa tramitación, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Considera a Dirección Xeral de Enerxía e Minas adecuada a instalación da planta satélite de GLP no centro da vila de Boiro na zona da Rúa do Corrillo prevista pola empresa Nedgia Galicia?

2.- En que situación se encontra a tramitación da solicitude de autorización da instalación mencionada por parte de Nedgia Galicia?

3.- Xustifica a empresa na documentación da solicitude a necesidade técnica de que dita instalación deba estar no centro da vila e non en zona industrial, como ata o de agora?

4.- Fai a empresa na documentación da solicitude unha avaliación de riscos para as persoas e os bens, así como dos prexuízos comerciais para os establecementos comerciais e de hostalaría da zona?

5.- En caso de facer esta avaliación determina medidas paliativas para evitar estes riscos e no seu caso indemnizar aos establecementos afectados?

6.- Ante a falta de resposta do Concello de Boiro a consulta da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sobre a adecuación da localización da instalación ao PXON da vila, considera esa Dirección Xeral razoable, nun caso tan grave e con tantas implicacións, poder ditaminar silencio administrativo positivo?

7.- Pensa a Dirección Xeral de Enerxía e Minas condicionar a concesión de autorizacións e licencias ao cumprimento estrito da legalidade e da competencia



e, sinaladamente a que afecta aos consumidores e usuarios, garantindo en calquera caso o cumprimento dos dereitos adquiridos dos veciños e veciñas afectadas a contar co subministro de gas propano nas súas vivendas sen que teñan que verse forzosamente obrigados a cambiarse ao Gas Natural se non o desexan?

8.- No caso de aceptar o cambio garantirase que sexa nos mesmos termos de servizo e prezo?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 13/09/2018 15:55:33**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

Segundo o Instituto Galego de Estatística o IPC anual correspondente ao mes de agosto de 2018 situase no 2,2%. Deste xeito a inflación xa encadea catro meses consecutivos por riba do 2%, un incremento dos prezos que da continuidade ao que xa sucedeu en 2017, ano que en media anual pechou cun aumento do IPC do 2,1%.

O IPC de agosto de 2018 está moi por riba das previsións iniciais pero sobre todo dos incrementos dos salarios, tanto privados como do sector público aprobados no orzamento e tamén do incremento das pensións e do resto de prestacións sociais, unha situación moi negativa porque provoca a perda de poder adquisitivo de centos de miles de persoas.

Estamos falando da inmensa maioría social, porque as persoas pensionistas, as asalariadas do sector público e privado, os desempregados e as persoas que dependen deles supoñen unha porcentaxe próxima ao 90% do total da sociedade galega.

Por iso, a redución das súas rendas en termos reais –salarios, pensións, prestacións- non só vai provocar un empeoramento das súas condicións de vida senón que, ademais, ten graves e negativas repercusións sobre a actividade económica.



Cos datos do IGE sabemos que estas rendas supoñen o 87% do gasto dos fogares galegos e, polo tanto, a redución das súas rendas, en termos reais, provoca o debilitamento da demanda interna que está detrás da desaceleración da actividade económica.

Os fogares que teñen como principal fonte de ingresos os salarios aportan o 46% do gasto total en Galicia, seguido do 39% gastado por fogares que teñen nas pensións os subsidios e as prestacións a súa fonte principal de ingresos.

Baixar salarios e pensións supón deprimir a demanda interna e, polo tanto, a económica e o emprego.

Nestes anos anteriores deuse a situación contraria. A pesares de que tanto salarios como as pensións tiveron incrementos mínimos — o 0,25 as pensións e por baixo do 1% os salarios— a inflación negativa transformou esta variación mínima en incrementos reais das rendas.

Agora a situación é contraria: segue o incremento nominal baixo pero cunha inflación no 2,2% prodúcese unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e asalariados.

Segundo o discurso oficial o 2018 é o quinto ano da recuperación, pero para os 825.000 asalariados e asalariadas de Galicia e as súas familias e para os 760.000 pensionistas continúa a crise, porque van sufrir unha caída moi importante da súa renda real.

O informe do IGE demostra con total evidencia, que os principais responsables de que o IPC este no 2,2% son dúas rubricas: electricidade, gas e combustibles e a utilización do vehículo persoal polo prezo dos carburantes.

No primeiro caso o prezo da electricidade pagada polos fogares galegos aumentou o 9,5% nos últimos doce meses mentres que o prezo dos carburantes



que pagan os cidadáns para a utilización dos seus vehículos de transporte aumentou o 8%.

Nos últimos doce meses os prezos subiron o 2,2% e desa cifra a electricidade é responsable de 0,52 puntos e os carburantes de 0,85 puntos.

Un problema que ten a súa orixe nas prácticas dos oligopolios, especialmente, os que dominan o sector enerxético, tanto no mercado da electricidade como no dos carburantes..

Neste caso non é discutible quen ten a responsabilidade no aumento da inflación: obviamente non son os salarios senón os beneficios extraordinarios que acadan as grandes compañías eléctricas e petroleiras que se aproveitan da súa posición de control para subir prezos e obter así unha maior rendibilidade. Así, o oligopolio enerxético é o culpable do 62% do aumento dos prezos.

Un comportamento inaceptable por moitas razóns de xustiza social, pero tamén económicas. Levamos anos sufrindo unha dura devaluación interna, que se concreta na redución dos salarios, baixo a coartada de recuperar competitividade internacional a través da redución dos prezos. Pois ben, se o IPC en España/Galicia medra mais que a media da UE, significa que por culpa do incremento dos beneficios do oligopolio enerxético, pérdense as hipotéticas vantaxes da redución de custes pagada co duro prezo da redución dos salarios.

E, polo tanto, un comportamento empresarial inaceptable que afecta ao conxunto da economía e, polo tanto, do emprego, que ten que ser corrixido de xeito inmediato. Non se pode aguantar que se someta a toda a cidadanía a unha dieta de austeridade extrema e que unha ínfima minoría se burle dese esforzo con prácticas que provocan problemas de competitividade ás empresas industriais e ao conxunto da economía do país.



Hai que dicilo claramente: é urxente actuar contra os oligopolios, defendendo os intereses da cidadanía, do tecido produtivo e do conxunto do país, porque a subida dos prezos por culpa dos oligopolios ten consecuencias sobre a vida das persoas, sobre a economía e tamén sobre as contas públicas.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) O Goberno galego considera este incremento dos prezos un fenómeno conxuntural ou unha situación que se vai consolidar ao longo do ano?
- 2.<sup>a</sup>) Que efectos vai ter sobre a renda das persoas?
- 3.<sup>a</sup>) Como afecta ao cadro macroeconómico e ás previsións orzamentarias?
- 4.<sup>a</sup>) Que vai facer para compensar as desviacións?
- 5.<sup>a</sup>) Que vai facer para combater as causas especulativas do incremento dos prezos?
- 6.<sup>a</sup>) Cales son as razóns de que os prezos suban máis en Galicia que na media do Estado?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 16:28:19**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 16:28:29**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2018 16:30  
Nº Rexistro: 36743  
Data envío: 13/09/2018 16:30:59.850

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os recortes de profesorado na ESAD de Vigo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

O persoal docente da Escola Superior de Arte Dramático (ESAD) de Vigo anunciou a convocatoria de tres días de folga polos recortes practicados pola Xunta de Galiza nos últimos dous anos. En total a Consellaría de Educación suprimiu seis postos docentes.

Esta decisión que evidencia o desleixo do Goberno galego coa Escola e os estudos artísticos, prodúcese nun contexto de incremento do número de estudantes matriculados nos primeiros cursos e da solicitude por parte da equipa directiva de tres novas vacantes para o curso 2018/2019.

Alén disto, cómpre lembrar que a ESAD, ao igual que a Escola de restauración de Pontevedra veñen reclamando nos últimos anos a súa adscrición á Universidade, unha demanda que continúa sen ser atendida por parte da Xunta de Galiza, malia contar coa competencia exclusiva na materia.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 36743**  
Data envío: 13/09/2018 16:30:59.850

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora a Xunta a situación que atravesan os centros de estudos artísticos superiores en Galiza?

- Que razóns sosteñen a decisión de recortar 6 postos docentes na ESAD de Vigo nos últimos dous anos?

- Por que o Goberno galego non atende as demandas da dirección e do alumnado da Escola que reclaman medios suficientes para o centro así como a súa adscrición á Universidade?

- Pensa a Xunta de Galiza garantir o persoal docente que precisa a ESAD e, polo tanto, revertir os recortes dos últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/09/2018 16:30**  
**Nº Rexistro: 36743**  
Data envío: 13/09/2018 16:30:59.850

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 16:27:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 16:27:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 16:27:38**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 16:27:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 16:27:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 16:27:42**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal e Manuel Lago Peñas**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>, relativa a situación de crise da empresa Isowat Made do Grupo Invertaresa

A empresa Isowat Made pertencente ao grupo Invertaresa encóntrase en concurso de acredores e a piques de ser liquidada salvo que se atope un inversor ou comprador nun corto prazo de tempo.

Isowat ten as súas instalacións no polígono da Grela, na Coruña, e da emprego nestes momentos a uns 91 traballadores. Pola súa parte Made ten as súas instalacións en Valladolid.

Isowat, antiga Isolux, ten unha traxectoria industrial e tecnolóxica do máximo nivel e sempre foi líder en Galicia, en España e mesmo a nivel internacional no deseño, fabricación e mantemento de cadros de control eléctrico para a industria en xeral con especial incidencia na industria naval, centros de transformación e control de media tensión e infraestruturas eléctricas de todo tipo. Mantén intacta a súa capacidade operativa e está a ofertar numerosas contratacións en procesos de transformación e de nova implantación que se están a desenvolver en Endesa, Repsol, Parques eólicos, etc.

Por todo elo a plantilla está absolutamente perplexa ante unha situación, que a vista do comentado anteriormente, non ten ningunha xustificación e que achacan a unha nefasta e case suicida xestión do actual propietario. Débeselles parte da paga extra de xuño, ademais das nóminas de febreiro, marzo e abril. É evidente



que non se pode permitir que unha empresa galega deste nivel e que debería de ter un futuro prometedor ante as expectativas de traballo no seu sector desapareza. Por elo a Xunta de Galicia ten que intervir de maneira moi decidida, moito máis do que está a facer ata o de agora. Isowat é estratéxica e imprescindible para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, transformación que a Xunta cualifica como absolutamente prioritaria.

Ante a situación mencionada, e en aras de buscar solucións que garantan todos os empregos, En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Que actuacións concretas está a desenvolver a Xunta de Galicia para impedir a liquidación de Isowat?
- 2.- Que xestións está a facer a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Industria e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución a situación da empresa?
- 3.- Considera a Xunta de Galicia axeitado solicitar ao administrador concursal a segregación da actual Isowat Made en dúas compañías para buscar solucións independentes para cada unha delas?
- 4.- Está a negociar a Xunta de Galicia con algún inversor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía?
- 5.- En caso de atopalo, plantexa a Xunta de Galicia un apoio a dito inversor ou comprador mediante garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispoñe o IGAPE?



6.- Ten previstas a Xunta de Galicia algún tipo de accións ante os clientes da compañía, cos que mantén unha forte relación, para darlles confianza e tranquilidade ente o futuro da mesma?

7.- Ten prevista a Xunta de Galicia algún tipo de acción ante o actual propietario da compañía, ao que axudou financeiramente en varias ocasións, para que facilite o cambio de titularidade?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 13/09/2018 16:47:58**

**José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 16:48:10**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/09/2018 17:07  
Nº Rexistro: 36756

Data envío: 13/09/2018 17:07:47.151

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o cobro por parte da Catedral de Santiago de Compostela para visitar o Pórtico da Gloria a partir do mes de novembro de 2018.

O responsábel da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, informou publicamente o 11 de setembro de 2018 que a Catedral de Santiago de Compostela comezará a cobrar entrada por visitar o Pórtico da Gloria a partir do mes de novembro.

Sen aclarar cal será o prezo definitivo, Lorenzo avanzou que será semellante ao custe actual da visita das cubertas, 12 euros por persoa, e argumentou a decisión asegurando que as visitas “só se poden manter” se existe “un retorno económico” pois “do contrario estamos restaurando para perdelo”.

Cómpre lembrar que a restauración do Pórtico da Gloria, que permitiu a recuperación da policromía, foi financiada con fondos públicos da Xunta de Galiza e do Ministerio de Cultura, alén do mecenado da Fundación Barrié como principal contribuínte.

Non son os únicos fondos públicos que recibe e recibiu a Fundación Catedral para acometer actuacións de restauración, conservación e mantemento do templo. Cómpre lembrar o convenio asinado en setembro de 2015 entre a Xunta, o Cabildo e a Fundación por valor de 17 millóns de euros.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/09/2018 17:07**  
**Nº Rexistro: 36756**  
Data envío: 13/09/2018 17:07:47.151

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora a Xunta de Galiza que a Fundación Catedral cobre entrada por visitar o Pórtico da Gloria a partir de novembro? E o prezo da entrada?
- Como e cando tivo coñecemento o Goberno galego desta decisión?
- Cre que o cobro de entrada colida co feito de térense sufragado con fondos públicos e privados alleos á Catedral os traballos de restauración do Pórtico?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/09/2018 17:07**  
**Nº Rexistro: 36756**  
Data envío: 13/09/2018 17:07:47.151

**Olalla Rodil Fernández na data 13/09/2018 17:04:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/09/2018 17:04:51**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2018 17:04:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/09/2018 17:04:55**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/09/2018 17:04:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/09/2018 17:04:58**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García**, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á mortalidade de polos este verán por mor da vaga de calor.

A vaga de calor de comezos de agosto deixou tras de si medio millón de polos mortos, aproximadamente o 5% do total das aves que se crían nas 800 explotacións galegas. As provincias máis afectadas foron Ourense e Pontevedra. Nalgunhas granxas destas provincias morreron ata o 20% dos animais. Tendo en conta que unha instalación avícola media conta cunhas 18.000 aves, algúns criadores puideron perder preto de 4.000 polos, co conseguinte impacto económico.

No ano 2017 o volume comercial do sector galego do polo sumou 196.000 toneladas. Isto supuxo unha facturación total de 400 millóns de euros. En termos de emprego, os 13 millóns de polos que se crían na comunidade dan traballo a 5.000 persoas. Falamos, polo tanto, dunha industria moi importante no marco do campo galego.

Manter unha explotación esixe unha inversión constante de capital, xa que non se trata só de abastecer de penso aos animais, senón que tamén hai que quentalos en inverno e refrescalos en verán para garantir o seu bo estado de saúde. Trátase dun asunto delicado e de moita importancia porque a temperatura corporal dun polo é xa de 40 grados e non conta cun “sistema de refrixeración” como o dos seres humanos (que combatemos o calos suando). Os polos so liberan calor a través da boca.

Así, as mortes dos animais supón un duro revés económico para as familias de criadores. Só na provincia de Ourense, a vaga de calor supuxo unhas perdas estimadas de máis de 150.000 millóns de euros.

Co obxecto de evitar este tipo de acontecementos, o Real Decreto 692/2010 establece as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne. Esta norma é aplicable a tódalas granxas de produción de máis de 500 polos e fixa uns requisitos xerais para tódalas explotacións e uns requisitos adicionais dependendo da densidade da cría.

A norma establece, así mesmo, as condicións que deben reunir as explotacións (edificios, ventilación, iluminación, ruído), como deben criarse os animais (alimentación, limpeza, rexistros) e todo o relativo ao persoal ao coidado dos animais.

A responsabilidade da morte de medio millón de polos non é dos granxeiros – ningún criador ou criadora quere que os seus animais morran asfixiados–, é da consellería de Medio Rural que non se preocupou por facer cumprir o Real Decreto 692/2010. Se o tivera feito, a vaga de calor non tería tido as consecuencias funestas que agora lamentamos. O problema é estrutural e precisa solucións políticas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que está facendo a Consellería de Medio Rural para garantir que se cumpre o Real Decreto 692/2010?



2. Que axudas presta aos granxeiros e granxeiras para que poidan acondicionar as súas instalacións?
3. Estaban correctamente acondicionadas antes da vaga de calor?
4. Se o estaban, como é posible que sucedera o que sucedeu?
5. Se non o estaban, por que a consellería non fixo nada ao respecto?
6. Que pensa facer para que algo semellante no se volva a repetir?

Santiago de Compostela a 13 de setembro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 13/09/2018 17:04:28**

**Antón Sánchez García na data 13/09/2018 17:04:37**

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando e Luis Villares Naveira**, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**.

Hai un ano aprobouse no Parlamento de Galicia a Proposición 19.285(10/PNC-001554) sobre as actuacións que debía levar acabo o Goberno galego para a inclusión da perspectiva do coidado, benestar e protección dos animais nos protocolos de actuación ante emerxencias recollido no BOPG nº 203, do 31.10.2017

